

<b>CREAMOS A NOSA HISTORIA</b>	
<b>Título da historia:</b>	O Rescate da Baía Cristalina
<b>Introdución:</b> (Presentar o lugar e as personaxes).	A Baía Cristalina era un lugar fermoso, onde vivían o Peixe Azul, o Caranguexo Reparador e outros animais mariños. Un día, mentres nadaban polo arrecife, déronse conta de que algo non ía ben. Había botellas, bolsas e redes atrapadas entre os corais. Decidiron traballar xuntos para salvar a baía antes de que fose demasiado tarde.
<b>Problema:</b> (Que conflito ou problema ambiental hai?).	Un barco grande que transportaba lixo perdeu parte da súa carga no mar preto da baía. Agora, os arrecifes están cubertos de lixo, os peixes están enfermos, e o Polbo Tóxico está aproveitando a situación para espallar máis contaminación e converter a baía no seu "reino de lixo".
<b>Resolución:</b> (Que fan as personaxes para resolver o problema?).	O Peixe Azul organizou unha reunión entre os animais mariños. Mentres o Caranguexo Reparador construía unha máquina para recoller lixo, o Peixe Azul guiaba os xogadores a través do arrecife para retirar o lixo manualmente. Xuntos, enfrontáronse ao Polbo Tóxico, apagaron o seu vertedoiro submarino e ensinaron aos humanos a importancia de protexer os ecosistemas mariños.
<b>Diálogos principais:</b> (2 ou 3 conversas curtas entre as personaxes).	
<p style="text-align: center;"><b>Peixe Azul:</b></p> <p>"Caranguexo, temos que facer algo! O arrecife está a morrer!"</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Caranguexo Reparador:</b> "Estou de acordo! Construirei unha máquina para recoller lixo, pero precisarei axuda para activala."</li> <li>• <b>Peixe Azul:</b> "Xogadores, contamos convosco! Seguídenos para recoller o lixo e evitar que o Polbo Tóxico siga contaminando."</li> <li>• <b>Polbo Tóxico:</b> "Ja, ja, ja! Non podedes determe! Este lixo é perfecto para esconderme e</li> </ul>	

controlar a baía!"

- **Peixe Azul:**

"Non o conseguiremos sós, amigos. Todos xuntos podemos salvar o arrecife!"

- **Caranguexo Reparador:**

"A máquina está lista! Preme o botón verde cando esteamos listos para comezar!"



"Ficha fase 4.3\_ Creamos a nosa historia", do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)